

ANUNCIO
RESOLUCIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN,
PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, mediante o sistema de concurso-oposición, de dúas (2) prazas de Oficial Tractorista incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

En sesión celebrada o día 6 de maio de 2025, o Tribunal procede a:

REALIZACIÓN DA PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Consonte ao indicado na **Base Undécima** das Bases Xerais e Bases Específicas do presente proceso selectivo, o tribunal acordou convocar ás persoas aspirantes que superan os dous exercicios da fase de oposición e que **non teñen acreditado** estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido, **CELGA 3 ou equivalente**, segundo o sinalado nas bases da convocatoria, para realizar a **proba de coñecemento da lingua galega** esixida para a superación do proceso selectivo:

«Para a superación do proceso selectivo será preciso acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega esixido. En cumprimento do artigo 51 da LEPG, as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido deberán realizar unha proba de coñecemento da lingua galega de carácter eliminatorio.

*O exercicio de avaliación do coñecemento da lingua galega será unicamente obrigatorio para as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento de galego requirido, **CELGA 3 ou equivalente**, segundo o sinalado no apartado 5.1.g) das presentes bases.*

*Esta proba cualificará a persoa aspirante como **apta ou non apta** ».*

Para a realización deste exercicio da fase de oposición, as persoas aspirantes foron convocadas en chamamento único para a realización do mesmo nunha única sesión. A data, hora e lugar de realización do terceiro exercicio da fase de oposición publicouse na sede electrónica do Concello de Carballo o día 30/04/2025, convocándose á persoa aspirante que supera os dous exercicios da fase de oposición e que **non ten acreditado** estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido, CELGA 3 ou equivalente, o 6 de maio ás 10.00 horas na Sala de Xuntas da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo, A Coruña).

Rematada a proba, o tribunal co asesoramento da Técnica de Normalización Lingüística, procede a valoración da mesma, obtendo o aspirante presentado a cualificación indicada no **ANEXO I**.

En Carballo, documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe

A Presidenta
Ana Pena Bello

A Secretaria
María José Soto López

ANEXO I
Oficiais Tractoristas
PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
1	LISTA CASTRO	JOSE MANUEL	***3259**	APTO